



Colexio de PARADELA, 27/2/2015

LA VOZ DE GALICIA

28-2-2015

5



Homenaje al poeta de Paradela Manuel Rodríguez López.

Homenaje a un poeta

5 Hace 25 años desde el fallecimiento del poeta de Paradela **Manuel Rodríguez López**, que fue homenajeado estos días.



Manuel Rodríguez López no Colexio de Paradela

[Home](#) → [Otro](#) → Manuel Rodríguez López no Colexio de Paradela



O próximo venres, **27 de febreiro** (2015), vaise celebrar no **Colexio Público de Paradela** un **acto en lembranza do poeta paradelense Manuel Rodríguez López**, co gallo de terse cumprido (13-2-2015) o vintecinco aniversario do seupasamento.

Ás doce da mañán, abrírase para os alumnos do **colexio a exposición Manuel Rodríguez López, emigrante galego-poeta obreiro** que, dentro do Proxecto Manuel Rodríguez López, ten xa sido presentada en Lugo, Santiago, A Coruña, Vilalba, Begonte, Sarria, Portomarín, Barcelona, e mesmo en Paradela onde comezou o seu percorrido itinerante. Nesta ocasión, a exposición acode ao Colexio da capital do concello, onde todos os alumnos recibirán cada un o seu exemplar da

Antoloxía poética de Manuel Rodríguez, xuntoco folleto que recolle íntegros os contidos da exposición.

O proxecto Manuel Rodríguez López, impulsado por [Galicia Digital](#) xunto coa familia do escritor, contacoapoio do Concello de Paradela, Deputación Provincial de Lugo-Vicepresidencia 1ª, Xunta de Galicia e Real Academia Galega.

A exposición itinerante, despois de permanecer varios días no colexio de Paradela, viaxará a Madrid, onde será inaugurada na Casa de Galicia, o próximo catro de marzo.

No acto do Colexio de Paradela, que será presidido polo Secretario Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **Valentín García Gómez**, participará o Alcalde de Paradela, **José Manuel Mato**; o director de Galicia Digital, **Antonio Giz**; a viuva do escritor, **Irene López**; o Director do colexio, **Orlando Fernández**, e alumnos do Centro leerán poemas de Manuel Rodríguez López.

Desde hai anos, os alumnos deste centro leen poemas do autor no acto de entrega de premios do ***Certame literario do Concello de Paradela***, que leva o nome do que é fillo predilecto do Concello e da nome á Casa da Cultura, que neste ano acada a súa XX edición.

On 26 de Febreiro de 2015

03 de marzo de 2015. Actualizado a las 05:00 h.

En Paradela vimos de conmemorar cosenos do colexio o 25º aniversario do pasamento do escritor Manuel Rodríguez López. Nisto, tamén Paradela é ?sitio distinto?. Ten por fillos predilectos, ademais de Manolo Rodríguez, a Xesús Mato (crego), Ángel Fernández (pedagogo) e Diego López (futebolista), nomeados polo concello que preside o veterano e sen embargo entregado entusiasta José Manuel Mato, que honran a esta terra que bebe augas da Ribeira Sacra, quedou mancada polo embalse de Belesar, agresión que aínda lembrandoridos, e está cruzada polo Camiño que segue na terra o Regueiro de Estrelas que Carlomagno soñou en Aquisgram. O entrañable Valentín García, Secretario de Política Lingüística, asombrábase da existencia dun Panteón de Paradelenses Ilustres, no que repousa Manolo. E todos puidemos comprobar que aquelas augas que, segundo o Licenciado Molina se salaban e mandaban a todo o Reino, aínda é posible degustalas, exquisitas, á beira do Loio, río que fala de mosteiros perdidos no tempo no que nacen as lendas. Nos pobos mariñeiros, o cemiterio adoita estar no máis alto, ollando o mar. Desde o panteón dos paradelenses ilustres, orientado ?como Manolo quería- mirando ao Páramo, a terra da súa dona Irene, domínase grande parte do val e do pobo para que desde o alén os que alí descansan poidan seguir a disfrutar da fermosura da súa terra. Paradela é un paraíso que permite abstraerse en San Facundo, sentir vértigo na Pena do Bico sobre o embalse, atopar cultura e amigos, vivir no rural con plena conexión co mundo, e ver pasar a cachón a vida que cada día discurre polo Camiño hacia Compostela.

Xulio Xiz



Notas de prensa

Manuel Rodríguez López, no Colexio de Paradela

O venres, 27 de febreiro, celebrouse no Colexio Público de Paradela un acto en lembranza do poeta paradelense Manuel Rodríguez López, co gallo de terse cumprido (13-2-2015) o vintecinco aniversario do seupasamento.



Nota de prensa remitida por el Gabinete de Comunicación de la Xunta de Galicia:

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou no concello lugués de Paradela nos actos de homenaxe a Manuel Rodríguez López, organizados no marco do Proxecto Manuel Rodríguez López -que impulsan Galicia Dixital e mais a familia do escritor coas colaboracións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Real Academia Galega, do Concello de Paradela e da deputación luguesa- co gallo do 25º aniversario do pasamento do poeta.

O acto central, no que se inaugurou a exposición ‘Manuel Rodríguez López. Emigrante galego-poeta obreiro’ e se fixo un recitado escolar de poemas do autor, desenvolveuse no CEIP San Miguel e

contoutamén coa participación do alcalde de Paradela, José Manuel Mato; do director de Galicia Dixital, Antonio Giz; e da viúva do escritor, Irene López.

A continuación, celebrouse unha ofrenda floral no cemiterio municipal, onde está soterrado este poeta, cronista e tradutor falecido o 13 de febreiro de 1990.

A mostra ‘Manuel Rodríguez López. Emigrante galego-poeta obreiro’ regresa a Paradela logo de arrancar a súa itinerancia neste concello e percorrer os de Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña, Vilalba, Begonte, Sarria, Portomarín e Barcelona. A vindeira parada deste proxecto será Madrid, onde a acollerá a Casa de Galicia a partir do vindeiro 4 de marzo.

Abriuse para os alumnos do colexio a exposición “MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ, emigrante galego-poeta obreiro” que, dentro do Proxecto Manuel Rodríguez López, ten xa sido presentada en Lugo, Santiago, A Coruña, Vilalba, Begonte, Sarria, Portomarín, Barcelona, e mesmo en Paradela onde comezou o seu percorrido itinerante. Nesta ocasión, a exposición acode ao Colexio da capital do concello, onde todos os alumnos reciben cada un un exemplar da Antoloxía poética de Manuel Rodríguez, xunto co folleto que recolle íntegros os contidos da exposición.

O proxecto Manuel Rodríguez López, impulsado por Galicia Digital xunto coa familia do escritor, conta co apoio do Concello de Paradela, Deputación Provincial de Lugo-Vicepresidencia 1ª, Xunta de Galicia e Real Academia Galega.

A exposición itinerante, despois de permanecer varios días no colexio de Paradela, viaxará a Madrid, onde será inaugurada na Casa de Galicia, o 4 de marzo.



No acto do Colexio de Paradela, estaba prevista a asistencia do Secretario Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Valentín García Gómez, do Alcalde de Paradela, José Manuel Mato; o director de Galicia Digital, Antonio Giz; a viuva do escritor, Irene López; o Director do colexio, Orlando Fernández, e alumnos do Centro leerán poemas de Manuel Rodríguez López. Desde hai anos, os alumnos deste centro leen poemas do autor no acto de entrega de premios do Certame literario do Concello de Paradela, que leva o nome do que é fillo predilecto do Concello e da nome á Casa da Cultura, que neste ano acada a súa XX edición.

Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia, 2015-02-25



[Acto en lembranza do poeta paradelense Manuel Rodríguez López](#)

[Inicio](#) → [Ajde_events](#) → Acto en lembranza do poeta paradelense Manuel Rodríguez López

febreiro, 2015

ven27feb Acto en lembranza do poeta paradelense Manuel Rodríguez López
12:00 - 13:00 Ctra. Ferreiros, S/N 27611 Paradela Lugo Colexio Público de Paradela
Evento organizado por: GALICIA DIGITAL
Tipo: Outro



A EXPOSICIÓN “MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ” NO CEIP SAN MIGUEL DE PARADELA CON MOTIVO DO 25 ANIVERSARIO DO FALECIMENTO DO ESCRITOR DE PARADELA

[Inicio](#)

Xov, 26/02/2015 - 11:50

O colexio público de Paradela acollerá o venres, 27 de febreiro a partir das doce da mañá, un acto en memoria do poeta Manuel Oreste Rodríguez López, con motivo do 25 aniversario do seu falecemento.

Nesta homenaxe, os alumnos farán unha lectura de poemas do autor de Paradela e procederase á apertura da exposición “Manuel Rodríguez López, emigrante galego-poeta obreiro” que poderá verse durante varios días no colexio antes de viaxar a Madrid.

Detalles do Evento

O próximo venres, **27 de febreiro** (2015), vaise celebrar no **Colexio Público de Paradela** un acto en lembranza do poeta paradelense **Manuel Rodríguez López**, co gallo de terse cumprido (13-2-2015) o vintecinco aniversario do seupasamento.

Ás doce da mañán, abrírase para os alumnos do colexio a ***exposición Manuel Rodríguez López, emigrante galego-poeta obreiro*** que, dentro do **Proxecto Manuel Rodríguez López**, ten xa sido presentada en Lugo, Santiago, A Coruña, Vilalba, Begonte, Sarria, Portomarín, Barcelona, e mesmo en Paradela onde comezou o seupercorrido itinerante. Nesta ocasión, a exposición acode ao Colexio da capital do concello, onde todos os alumnos recibirán cadanseu exemplar da Antoloxía poética de Manuel Rodríguez, xunto co folleto que recolle íntegros os contidos da exposición.

O proxecto Manuel Rodríguez López, impulsado por Galicia Digital xunto coa familia do escritor, conta co apoio do Concello de Paradela, Deputación Provincial de Lugo-Vicepresidencia 1ª, Xunta de Galicia e Real Academia Galega.

En Paradela

En Paradela vimos de conmemorar cos nenos do colexio o 25º aniversario do pasamento do escritor Manuel Rodríguez López.

Xulio
Xiz

Nesto, tamén Paradela é «sitio distinto». Ten por fillos predilectos, ademais de Manolo Rodríguez, a Xesús Mato (crego), Ángel Fernández (pedagogo) e Diego López (futbolista), nomeados polo concello que preside o veterano e sen embargo entregado entusiasta José Manuel Mato, que honran a esta terra que bebe augas da Ribeira Sacra, quedou mancada polo embalse de Belesar, agresión que aínda lembran doridos, e está cruzada polo Camiño que segue na terra o Regueiro de Estrelas que Carlomagno soñou en Aquisgram.

O entrañable Valentín García, secretario de Política Lingüística, asombrábase da existencia dun Panteón de Paradelenses Ilustres, no que repousa Manolo. E todos puidemos comprobar que aquelas anguiás que, segundo o Licenciado Molina se salaban e mandaban a todo o Reino, aínda é posible degustalas, exquisitas, á beira do Loio, río que fala de mosteiros perdidos no tempo no que nacen as lendas.

Nos pobos mariñeiros, o cemiterio adoita estar no máis alto, ollando o mar. Desde o panteón dos paradelenses ilustres, orientado —como Manolo quería— mirando ao Páramo, a terra da súa dona Irene, domínase grande parte do val e do pobo para que desde o alén os que alí descansan poidan seguir a disfrutar da fermosura da súa terra.

Paradela é un paraíso que permite abstraerse en San Facundo, sentir vértigo na Pena do Bico sobre o embalse, atopar cultura e amigos, vivir no rural con plena conexión co mundo, e ver pasar a cachón a vida que cada día discurre polo Camiño hacia Compostela.

ESCRITO DA FAMILIA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Queridos alumnos e alumnas, profesores e director do colexio de Paradela:


É unha ledicia para a familia de Manuel Rodríguez López vervos hoxe aquí xunto á exposición itinerante do poeta de Paradela. Nós sentímonos en Paradela como en casa, especialmente neste colexio, porque é onde se atopa o verdadeiro significado de ser paradelense. Porque é un orgullo ser de Paradela. Iso tiña ben claro Manuel Rodríguez López. El emigrou moi noviño cara Barcelona, cando tan só tiña seis anos, e toda a vida se sentiu orgulloso de ser un máis de Paradela. Por ise motivo, cremos que é un bo exemplo. Vós tedes moitos motivos para sentirvos orgullosos de ser paradelenses. E podedes ver hoxe aquí que iso ten recompensa. Hoxe podedes ver como un dos vosos, Manuel Rodríguez, defendeu toda a súa vida a súa patria de nacemento e viu moi recompensado o seu amor a Paradela.

Nestes paneis que resumen a súa vida e obra queda claro que Paradela foi a capital da Galicia ideal de Manolo. E queda claro tamén que Paradela, co seu alcalde José Manuel Mato á cabeza, leva honrando varias décadas a Manolo con distincións e homenaxes que nos enchen o peito. Ben sabedes que Manuel Rodríguez é un dos Fillos Predilectos do Concello, que o centro sociocultural leva o seu nome, que está soterrado no panteón de Paradelenses Ilustres, que existe o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de éxito internacional, e moitas outras iniciativas todas lideradas polo noso alcalde, o amigo José Manuel Mato ó que non cansaremos de agradecerlle todo o que fai por Manolo.

O Concello é parte fundamental no Proxecto Manuel Rodríguez López do que forma parte esta exposición que hoxe vedes no voso colexio. Este proxecto é un grandioso esforzo fundamentalmente dos grandes amigos de GaliciaDixital Xulio Xiz e Antonio Giz, que levan traballando tres anos ininterrompidamente para dar a coñecer a vida e obra de Manuel Rodríguez por Galicia e polo mundo enteiro. Animávosmos a que visitades a excelente páxina web de Manuel Rodríguez que diseñou e creou de forma impecable Antonio Giz e que segue a actualizar continuamente. Esta páxina é unha das moitas iniciativas destes dous grandes amigos de Manolo e da nosa familia, que conta co apoio fundamental, ademais de GaliciaDixital e do Concello de Paradela, da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e a Real Academia Galega. En todas estas institucións temos a sorte de contar co apoio dos seus responsables e dámoslles publicamente a nosa máis sincera gratitude. Destacamos de xeito especial a Valentín García, secretario Xeral de Política Lingüística, que sempre atopa un oco na súa axenda para apoiar ó Proxecto Manuel Rodríguez López coa súa amizade cara a memoria de Manolo e a nosa familia, sen o cual non existiría este proxecto tal e como o coñecemos.

E para rematar decirvos que no futuro calquera de vós poder ser como Manuel Rodríguez López. Porque Manuel Rodríguez López era como calquera de vós co voso tempo. Tedes por diante un futuro que crece con paso firme gracias ós vosos profesores e ó director deste colexio. O voso paso firme está enraizado en Paradela e se traballades por ela, alá onde vos atopedes, un día esta terra agradecida lembrará o voso traballo. Non só lle pasou a Manolo Rodríguez. Tamén lles pasa a outros Fillos Predilectos de Paradela como Xesús Mato, Angel Fernández e Diego López. ¿Por qué non podedes ser calquera de vós un novo Fillo Predilecto de Paradela no futuro? O secreto para conseguilo é sinxelo: amade á vosa terra e traballade por ela.

25 Cabodano do seu Pasamento en Paradela (Febreiro 2015)



25 Cabodano do seu Pasamento en Paradelá (Febreiro 2015)

